



CONSULTA PÚBLICA PREVIA RELATIVA Á LEI DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA

I. CONTEXTO NORMATIVO

O artigo 45 da Constitución recoñece o dereito de todos a gozar dun medio ambiente adecuado ao desenvolvemento da persoa e o deber de conservalo, así como a obrigaón dos poderes públicos de velar pola utilización racional dos recursos naturais para promover e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no artigo 27, recoñece á comunidade autónoma a competencia exclusiva para aprobar as normas adicionais sobre protección do medio ambiente e a paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución, e atribúelle, noutros preceptos, competencias diversas en relación con diferentes ámbitos relacionados co medio ambiente.

A actual Lei de Protección Ambiental de Galicia que data do ano 1995, é a lei 1/1995 do 2 de xaneiro de Protección Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia. Dita lei regulaba cun carácter moi xenérico os procedementos de avaliación ambiental: avaliación de impacto, avaliación de efectos, avaliación de incidencia ambiental. Dende a súa aprobación foi obxecto de varias modificacións que practicamente a deixaron sen contido. Así a Lei 12/2011, 26 decembro, de medidas fiscais e administrativas derogou a regulación da avaliación de efectos ambientais (artigos 10, 11, 12). A Lei 9/2013, 19 decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, derogou os artigos 2, 5, 31, 33, 40 e 45 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, substituíndo a súa redacción na regulación da avaliación da incidencia ambiental de actividades. Polo que respecta á avaliación de impacto ambiental dita lei 9/2013, tamén sinala que se regulará pola súa propia normativa, o que se está entendendo como remisión



á lexislación básica estatal, na que se regulan os trámites da avaliación de impacto establecendo prazos que non son de carácter básico.

Pola súa parte a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, regula no seu Título II a tramitación ambiental conxunta de proxectos sometidos a autorización ambiental integrada e a avaliación de impacto ambiental.

A nivel estatal, a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental establece as bases que deben rexer a avaliación ambiental dos plans, programas e proxectos que poidan ter efectos significativos sobre o medio ambiente, regulando tanto a Avaliación ambiental estratéxica como a Avaliación de impacto ambiental de proxectos.

Esta disparidade normativa e a ausencia dun procedemento propio de avaliación de impacto ambiental que permita simplificar os seus trámites e acortar os prazos nos que se deba ditar o informe de avaliación ambiental, leva a esta Consellería a propoñer que se inclúa no calendario normativo unha nova lei de avaliación ambiental de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (aínda que non é un precepto básico para a Comunidade Autónoma de Galicia), co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Lei, sustanciárase unha consulta pública na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma, acerca dos seguintes extremos:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.



En consecuencia, de conformidade co citado artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, procede sustanciar unha consulta pública na páxina *web* da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda durante o prazo de 15 días naturais, para que os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as alegacións ou suxestións sobre os aspectos formulados nesta consulta.

II. ANTECEDENTES DA NORMA

No ámbito internacional, está o Convenio sobre avaliación do impacto no medio ambiente, nun contexto transfronteirizo, do 25 de febreiro de 1991, coñecido como Convenio de Espoo e ratificado polo noso país o 1 de setembro de 1992 e o seu Protocolo sobre avaliación ambiental estratéxica, ratificado o 24 de xuño de 2009.

No dereito comunitario, atopámonos a Directiva 2001/42/CE, do 27 de xuño, sobre avaliación das repercusións de determinados plans e programas no medio ambiente, e a Directiva 2011/92/UE, do 13 de decembro, de avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.

Merece unha mención especial o feito de que en España xa é plenamente aplicable o Convenio Europeo da Paisaxe, ratificado o 26 de novembro de 2007, polo que deberá aplicarse tanto na avaliación de impacto ambiental como na avaliación ambiental estratéxica.

A nivel estatal, a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental establece as bases que deben rexer a avaliación ambiental dos plans, programas e proxectos que poidan ter efectos significativos sobre o medio ambiente, regulando tanto a Avaliación ambiental estratéxica como a Avaliación de impacto ambiental de proxectos.

A nivel autonómico temos a actual Lei 1/1995 do 2 de xaneiro de Protección Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia; a Lei 12/2011, 26 decembro, de medidas fiscais e administrativas; a Lei 9/2013, 19 decembro, do emprendemento e da competitividade



económica de Galicia, e a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

III. OBXECTIVOS E FINALIDADE

- Obxectivos e problemas que se pretenden solventar coa iniciativa.

A avaliación ambiental resulta indispensable para a protección do medio ambiente. Facilita a incorporación dos criterios de sustentabilidade na toma de decisións estratéxicas, a través da avaliación dos plans e programas. E a través da avaliación de proxectos, garante unha adecuada prevención dos impactos ambientais concretos que se poidan xerar, á vez que establece mecanismos eficaces de corrección ou compensación.

A avaliación ambiental é un instrumento plenamente consolidado que acompaña ao desenvolvemento, asegurando que este sexa sustentable e integrador.

Con este obxectivo inspíranse os principios contemplados na lei no momento de adoptar decisións sobre avaliación ambiental en aras da protección en materia de medio ambiente.

Os mencionados principios son o de protección e mellora do medio ambiente; acción preventiva e cautelar; prevención e corrección e compensación dos impactos sobre o medio ambiente; racionalización; proporcionalidade entre os efectos sobre o medio ambiente e o tipo de procedemento de avaliación, participación pública, desenvolvemento sustentable e integración dos aspectos ambientais na toma de decisións; simplificación administrativa e o interese pola consecución dous principios de axilidade e eficacia nesta materia, sen que isto supoña unha mingua do respecto aos valores naturais e á riqueza do noso territorio.

- Necesidade e oportunidade da súa aprobación.

A consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda estima a necesidade de abordar esta nova Lei, que permitirá refundir a regulación dispersa en distintos textos legislativos dando seguridade xurídica, e na que se regularía un procedemento propio, máis áxil, das



avaliacións de impacto ambiental que permita facer compatible a protección do medio ambiente e o desenvolvemento económico, sempre no marco da norma básica de aplicación, que poidan facer mais competitivas ás empresas galegas, tanto no eido da redución dos prazos dos procedementos ambientais como a posibilidade da súa simplificación nos casos en que sexa posible.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda realizou e está a realizar importantes modificacións normativas que teñen unha incidencia ambiental de gran relevancia (solo, patrimonio natural, residuos, ordenación do territorio, paisaxe,...). Unha vez desenvolvida e actualizada a normativa sectorial da consellería, é preciso insistir tamén na actualización dunha norma transversal, que afecta a gran parte da actividade económica de Galicia como é a normativa relativa á avaliación ambiental.

- Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

A alternativa sería manter a actual regulación coa Lei 1/1995 do 2 de xaneiro de Protección Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia, que coma xa se expuso ven a devenir obsoleta.

Santiago de Compostela, xaneiro de 2020